



DATOS IDENTIFICATIVOS

Terceiro idioma estranxeiro I: Francés

Materia	Terceiro idioma estranxeiro I: Francés			
Código	V01G180V01504			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Ripoll Delebourne, Virginia Teresa			
Profesorado	Bourgoin Vergondy, Emmanuel Claude Ripoll Delebourne, Virginia Teresa			
Correo-e	vripoll@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Preténdese desenvolver as competencias de comprensión e expresión escrita e oral de xeito que o alumnado poida expresarse en francés nas situacións cotiás máis correntes e comprender textos de baixa dificultade acadando un nivel A2.			

Competencias

Código	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

CE29	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do terceiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
CE30	Sentar as bases das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita.
CE31	Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
CE32	Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
CE33	Coñecer os aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento básico do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG5 CG10	CE30 CE32 CE33
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma como propio.	CB3 CB4	CG3 CG8	CE29 CE30
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	CB3 CB5	CG3 CG7 CG10	CE31

Contidos

Tema	
1 (1) . La caractérisation des personnes et la prise de contact. Se présenter, et présenter quelqu'un et quelque chose.	La phrase attributive. Être et avoir. Quelques formes de l'interrogation. La phrase négative. Description.
1 (2). L'Article et la Sphère du nom. L'adjectif et les pronoms	Le genre et le nombre. Toniques et personnels
2. Expliquer ses habitudes et interroger les autres sur les leurs	La phrase active simple. L'expression de la fréquence. Le présent d'habitude
3. Décrire l'espace. Demander son chemin.	Les marqueurs spatiaux. Le présent, le futur proche et l'impératif des verbes.
4. L'expression de la quantité	Les quantification. Les partitifs. Les démonstratifs. La possession.
5. Décrire les objets et leur usage	La caractérisation à l'aide de prépositions. Les compléments du nom. Les verbes pronominaux. L'injonction.
6. Comparer des objets, des situations, des personnes	La comparaison. L'expression du point de vue.
7. Le texte descriptif	Le thème de la description et ses parties. Les structures lingüistiques liées à la description.
8. Contenus lexicaux et civilisationnels:	La ville et la campagne, types de logement, moyens de communication, loisirs, voyages, notions géographiques, historiques, socio-politico-économiques et culturelles sur la France et les pays d'expression française.
9. Introduction au texte narratif	Les valeurs de l'imparfait. Les formes verbales liées au déroulement de l'action. Les marqueurs temporels. Passé composé.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	40	80	120
Prácticas con apoio das TIC	10	12	22
Resolución de problemas de forma autónoma	18	25	43
Práctica de laboratorio	10	30	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación e exposición teórica na aula con axuda de medios audiovisuais
Prácticas con apoio das TIC	Aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais
Resolución de problemas de forma autónoma	Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e corrección do profesorado antes da súa presentación final

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas de forma autónoma	30	CB3 CB4 CG1 CG7 CG10 CE33
Práctica de laboratorio	70	CB3 CB4 CB5 CG3 CG5 CG8 CE29 CE31 CE32

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Na 1ª edición de actas o alumnado será avaliado mediante o sistema de **avaliación continua**

As probas prácticas na aula terán lugar unha en Novembro e outra en Decembro, en horario de aulas, e terán que superar un mínimo dun catro cada una das partes en calquera das modalidades. De non ser así, a/o estudante terá que ir ao exame final na segunda edición de actas de Xullo.

Para aprobar a materia será necesario ter entregado os traballos na data requirida, sinalada no primeiro mes do curso. As probas non entregadas contarán como un cero.

O alumnado que, por motivos xustificadas, non poida realizar a avaliación continua deberá falar co profesorado ao comezo do curso. Nese caso, e só nese caso, poderán examinarse do 100% da materia polo sistema de **avaliación única**. O exame de avaliación única será cualificado con 50% teoría, 50% práctica cun mínimo dun 4/ 10 para facer a media. A data do exame será no período de exames na data establecida pola Xunta de FFT.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

Na segunda edición de actas (xullo) haberá un exame polo 100% da cualificación (50% teoría, 50% práctica) (necesario un mínimo dun 4/10 para facer a media aritmética), para o alumnado que non superara a materia na primeira edición de actas. O exame será de comprensión/expresión escrita y oral, e terá lugar no período de exames de xullo na data establecida pola Xunta de FFT.

NOTAS XERAIS

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un suspenso global na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Recoméndase o traballo continuado e a consulta frecuente dos medios de comunicación franceses.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Anne Akyuz, **En Contexte. Exercice de Grammaire A1**, Hachette, Hachette, 2019

Grégoire, Maïa- Thievenez, O., **Grammaire progressive du français. Niveau intermédiaire. 3º edition avec livre web inclus**, Clé international.Collection Progressive. Edit. 2013,

REY, A., REY-DEBOVE, J., **Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française Petit robert**, Le Robert, Paris.Petit robert, 2013,

Boulares, M. & Frerot, J-L, **Grammaire progressive du français (avec livret de corrigés)**, Clé International, Paris.,

Bibliografía Complementaria

Delatour, Jennepin, Léon-Dufour & Teissier, **Nouvelle grammaire du français.**, Paris Hacette,

Leroy-Miquel & Goliot-Lété, **Vocabulaire progressif du français**, Clé International,

Delatour-Jennepin-Dufour-Teyssier, **Grammaire pratique du français en 80 fiches**, Paris. Hachette. FLE,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Terceiro idioma estranxeiro II: Francés/V01G180V01703

Outros comentarios

Recoméndase a asistencia a clase e o traballo regular.

Recoméndase un nivel de lingua A1 para poder seguir a materia adecuadamente.

Recomendamos o estudo continuado da materia, a consulta da gramática recomendada para realizar os exercicios prácticos e a autocorrección.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se modifican

Lección maxistral

Revisar e asentar os coñecementos de forma teórica e práctica, recoñecer as posibles dificultades de seguimento e corrixir as formulacións erróneas, en campus remoto o de forma asíncrona na plataforma faitic.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Comunicación e interrelación entre o alumnado e os docentes a través das ferramentas telemáticas. A comunicación entre os membros será posible a través de ferramentas síncronas e asíncronas grazas á virtualización. O correo electrónico fai posible a comunicación privada, e en caso necesario o envío de mensaxes a grupos de alumnos/as para poder manter unha comunicación fluída e rápida.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se prevén

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

https://www.lepointdufle.net/p/apprendre_le_francais.htm

<https://apprendre.tv5monde.com/fr>

<https://www.bonjourdefrance.com/>

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

*Probas xa realizadas

Manterase a nota e valor das probas realizadas; a avaliación é sumativa.

* Información adicional

No modelo de avaliación continua, a avaliación é sumativa e formativa, a través de distintos recursos que non só busquen informar o alumnado sobre o progreso, senón que tamén beneficien a aprendizaxe.

Ao ser un sistema de avaliación sumativa e formativa non se modificará máis que o modo de realización das probas, ao pasara a empregarse un sistema telemático por medio das plataformas da universidade.

A avaliación será mediante exames e probas que deberán cubrir diferentes aspectos; xa que logo, tamén incluírán preguntas abertas e de elección múltiple para cualificar o nivel de cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe propostos no programa ou curso académico.

Ao ser avaliación sumativa, coa demostración progresiva das competencias dos estudantes en relación a uns contidos e obxectivos específicos e favorecendo a aprendizaxe autónoma, seguirase co proposto cos mesmos valores.

Opcionalmente poderán gravarse as probas. De ser o caso, comunicarase previamente por escrito ao estudiantado conforme ao disposto non anexo dá RR do 24 de abril de protección de datos.

No caso de proba non presencial na avaliación única, a nota da proba será o 100% da nota final.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.
